



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas

Curso Académico: Curso 2015-2016

Aprobado por:

- Comisión de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (26/01/2017)
- Xunta de Facultade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (26/01/2017)

Índice

1.- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento.....	3
2.- Cumprimento do proxecto establecido	4
3.- Plan de Melloras	6
3.1. Accións de melloras do curso 2016-17	7
3.2. Grao de execución das accións de mellora realizadas no curso 2015-16.....	9

1.- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

<u>A) DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas
Mencións/Especialidades	-Mención en Contabilidade e Fiscalidade -Mención en Xestión Internacional da Empresa
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	----
Centro responsable	Facultade de Administración e Dirección de Empresas
Centro/s onde se imparte	Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Campus de Lugo)
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	Ciencias Sociais e Xurídicas
Profesión regulada	240 ECTS
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2014/2015
Data acreditación ex ante (verificación)	24/06/2013
Data renovación acreditación	---
Curso académico obxecto de seguimento	2015-2016

2.- Cumprimento do proxecto establecido

<u>CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Onde se atopa
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Carpeta Evidencias: Documento E3_Perfil de ingreso-egreso
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade	Carpeta E5_Actas
1,7	I1	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502664_P.Ind_2015-2016
			5013_INF.03_2015-2016
			2502664_INF.16_2015-2016
			2502664_INF.CiUG_2015-2016
1	I2	Evolución dos indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502664_P.Ind_2015-2016
			5013_INF.03_2015-2016
2	E6	Páxina web da universidade/centro/título (debe estar incluída como mínimo a información referida no apartado 1B)	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E7	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E8	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC	Web do Centro
3	E9	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E10	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Carpeta Evidencias: Documento E10_enquisa satisfacción
3,7	I3	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502664_P.Ind_2015-2016
			2502664_INF.04_2015-2016
			5013_INF.05_2015-2016
			2502664_INF.06_2015-2016
			2502664_INF.07_2015-2016
			2502664_INF.08_2015-2016

			2502664_INF.09_2015-2016
			5013_INF.10_2015-2016
			5013_INF.11_2015-2016
			2502664_INF.13_2015-2016
			2502664_INF.14_2015-2016
			5013_INF.21_2015-2016
3,7	I4	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502664_P.Ind_2015-2016
4	E11	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502664_E11_2015-2016
4	E12	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5013_E12_2015-2016
4	E13	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Carpeta Evidencias: Documento E13_enquisas avaliación
4	I5	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5013_I5_I6_2015-2016
4	I6	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5013_I5_I6_2015-2016
4	I7	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502664_INF.13_2015-2016 2502664_INF.14_2015-2016
4	I8	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares	--
4	I9	Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5013_I9_2015-2016
5	E14	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E15	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E16	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Non procede
5	I10	Distribución alumnado por centros de prácticas	Non procede

6	E17	Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e cualificación)	Non procede
6	E18	Informes das cualificacións de cada unha das materias do título	2502664_INF.15_2015-2016
7	E19	Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Carpeta Evidencias: Documento E-19_resultado do título
6,7	I11	Indicadores de resultados: - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502664_P.Ind_2015-2016
			2502664_INF.17_2015-2016
			2502664_INF.18_2015-2016
			2502664_INF.19_2015-2016
7	I12	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502664_P.Ind_2015-2016
			2502664_INF.CiUG_2015-2016
7	I13	Resultados de inserción laboral	2502664_EIL-SIU_2015-2016

3.- Plan de Melloras

- Abertas curso 2016-2017
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-1](#)

- Finalizadas curso 2015-2016
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-1](#)
 - [AM-4](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-5](#)
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-6](#)

3.1. Accións de melloras do curso 2016-17

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	O ritmo de obsolescencia dos equipos informáticos das aulas de informática destinada a docencia implica a súa renovación de xeito continuo. A facultade non conta cun presuposto para asumir dita renovación, polo que é necesario solicitar axudas ao organismo competente da universidade, quedando esta inversión condicionada á concesión desa axuda.
Definición/ descripción proposta	Mellora continua do equipamento informático da facultade
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Fernando Losada Pérez
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Substitución de equipos informáticos, sempre que se conte con axuda para o seu financiamento
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Fernando Losada Pérez
Estado	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	O número de matriculados é reducido en relación ao previsto na memoria do grao en xestión de pemes
Definición/ descrición proposta	Comunicar a relevancia dunha formación orientada a xestión de pemes ao alumnado potencial do grao
Datas	Finalización: 30/06/2017; Inicio: 19/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Begoña Barreiro Fernández
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Visitas do profesorado da facultade aos centros de educación secundaria e formación profesional para informar das características e saídas profesionais do grao en xestión de pemes
Data prevista de finalización	30/06/2017
Responsable	Begoña Barreiro Fernández
Estado	Activa
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Colaborar en todas as actuación de promoción do campus de Lugo enmarcadas dentro do campus terra ou a través do programa A Ponte
Data prevista de finalización	30/06/2017

Responsable	Begoña Barreiro Fernández
Estado	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	É necesario establecer mecanismos de coordinación entre as diferentes materias de cada curso do grao en Xestión de Pemes
Definición/ descrición proposta	Poñer en marcha as aulas virtuais de coordinación de cada curso do grao en Xestión de Pemes
Datas	Finalización: 30/06/2017; Inicio: 19/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Xesús Pereira López
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Poñer en marcha as aulas virtuais de coordinación de cada curso do Grao en Xestión de Pemes
Data prevista de finalización	30/06/2017
Responsable	Xesús Pereira López
Estado	Activa

3.2. Grao de execución das accións de mellora realizadas no curso 2015-16

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>

Código	AM-1 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de sistematizar o proceso de coordinación
Definición/ descripción proposta	Elaborar un Protocolo de Coordinación
Datas	Finalización: 26/07/2016; Inicio: 01/12/2015
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 24/07/2016
Responsables	Fernando Losada Pérez
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Elaboración do protocolo de coordinación. Deseño de táboas para sistematizar a información a facilitar a análise de metodoloxías e sistemas de avaliación
Data prevista de finalización	26/07/2016
Responsable	Xesús Pereira López
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Co obxectivo de sistematizar e definir claramente as función dos coordinadores de curso e de grao, aprobouse un protocolo de coordinación. Trátase dun documento que recolle as funcións dos coordinadores, o calendario de coordinación, os contidos mínimos que deben conter os informes e as datas nos que hai que entregalos. Deste xeito, os coordinadores de grao e curso coñecen as súas obrigas e os prazos nos que deben aportar información precisa para cumprir cos obxectivos de calidade. O protocolo aprobouse para as titulacións de Grao en ADE e

	PEMES na Facultad de ADE en Lugo, e en coordinación coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela. O obxectivo é que se poña en funcionamento no curso 2016/17 (Arquivo: Acta Comisión conxunta_Protocolo.pdf)
Data Comprobación	19/05/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	A implantación deste protocolo se realizará no curso 2016/17, aínda que neste curso xa se fixeron reunión dos coordinadores de curso cos profesores que imparten docencia en cada curso
Comprobación Tarefa	AM-1.1. Comprobación Nº. 2
Descrición Comprobación	Unha vez aprobado o protocolo na comisión de grao dos dous títulos, procedeuse a dalo a coñecer nas reunión de coordinación. (Arquivo: Convocatoria reunión y Actas Coordinación.pdf)
Data Comprobación	20/05/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-1.1. Comprobación Nº. 3
Descrición Comprobación	Deseño de táboas para sistematizar a información para facilitar a análise de metodoloxías e sistemas de avaliación. Esta segunda parte da acción de mellora queda pendente para realizar no seguinte informe de seguimento.
Data Comprobación	06/10/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	A implantación deste protocolo será obxecto de seguimento durante o curso 2016/17

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	A taxa de participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción da docencia recibida e impartida, respectivamente, necesita seguir mellorando.
Definición/ descripción proposta	Fomentar a participación do profesorado e do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida e recibida de cara a que o dato obtido sexa o máis representativo posible.
Datas	Finalización: 31/08/2016; Inicio: 02/11/2015
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 31/08/2016
Responsables	Fernando Losada Pérez
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Envío de e-mails recordatorios nos prazos establecidos para cubrir as enquisas. Nas reunións de coordinación por curso recordar aos profesores a importancia de obter esta información.
Data prevista de finalización	31/08/2016
Responsable	Fernando Losada Pérez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	AM.2.1. Como cada ano, enviouse un e-mail recordatorio ao profesorado para que procedera a cubrir a enquisa de satisfacción coa docencia impartida, recordándolle a importancia de cumprimentar esta enquisa (Arquivo: Encuesta

	Profesores.pdf)
Data Comprobación	13/06/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Poñer a disposición do alumnado as aulas de informática ao final de cada semestre para cubrir as enquisas e recordarlles aos mesmos, a través dunha presentación en cada aula, a importancia de cumprimentar as enquisas.
Data prevista de finalización	31/08/2016
Responsable	Fernando Losada Pérez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	AM 4.2.2 Desde a secretaria do centro mandouse e-mail ao profesorado para que incentivaran ao alumnado na necesidade de cubrir a enquisa de satisfacción coa docencia recibida nos dous semestres. Ao igual que o ano anterior, seleccionouse un profesor por cada curso do grao, co fin de que ademais de explicar aos alumnas a importancia de estas enquisas, que facilitara 15 minutos da súa hora de clase para que o alumnado puidese acceder a un aula de informática do centro, previamente reservada, para que a cubrise na Facultade (Arquivo: Encuestas Alumnos.pdf)
Data Comprobación	29/07/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	É preciso deseñar o plan estratéxico do centro, así como o plan plurianual dentro do SGIC.
Definición/ descrición proposta	Analizar e deseñar o plan estratéxico do centro e o plan plurianual.
Datas	Finalización: 30/09/2016; Inicio: 02/11/2015
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 30/09/2016
Responsables	Begoña Barreiro Fernández
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Análise e deseño do plan estratéxico e plan plurianual
Data prevista de finalización	31/08/2016
Responsable	Begoña Barreiro Fernández
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	AM 3.1. A acción de mellora que supuxo una maior inversión en tempo e esforzo foi o deseño e elaboración do plan estratéxico, que foi elaborado ao longo do curso 2015/16, estando listo para o seu envío á Area de Calidade e Mellora dos procedementos o 8 de xullo (Arquivo: Actas_ComisionCalidad_PE.pdf)
Data	08/07/2016

Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 2
Descrición Comprobación	AM.3.1. Creouse una comisión consultiva da Facultade de ADE integrada por persoas alleas a Universidade e pertencentes a diferentes ámbitos da sociedade de Lugo. Esta comisión analizou e fixo suxerencias ao plan estratéxico. (Arquivo: Convocatoria_Acta_Comite Consultivo.pdf)
Data Comprobación	30/06/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 3
Descrición Comprobación	Aprobación e informe positivo do plan estratéxico por parte da área de calidade e mellora dos procedementos da USC. Inclúese tamén aquí a versión final do plan estratéxico, pendente de aprobación pola Xunta de Facultade. (Arquivo: Informe Calidad y Plan Estratéxico ADE.pdf)
Data Comprobación	19/07/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 4
Descrición	O 30/09/2016 aprobase na Xunta de Facultade o texto definitivo

Comprobación	do Plan Estratéxico da Facultade. Falta un único trámite, a aprobación por consello de gobernó. Unha vez se produza a aprobación definitiva poderase facer público na páxina web da Facultade.
Data Comprobación	04/10/2016
Incidencias	Na mesma Xunta de Facultade do 30/09/2016 comunícase que se comezará en breve a elaborar o Plan plurianual, unha vez que xa se conta coa aprobación do plan estratéxico pola Xunta de Facultade.
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-4 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	É necesario establecer mecanismos de coordinación entre as diferentes materias de cada curso do grao en Xestión de pemes
Definición/ descrición proposta	Poñer en marcha as aulas virtuais de coordinación de cada curso do grao en Xestión de pemes
Datas	Finalización: 31/08/2016; Inicio: 02/11/2015
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 14/12/2016
Responsables	Xesús Pereira López
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Solicitar a creación de aulas de coordinación por curso e grao
Data prevista de finalización	26/07/2016

Responsable	Xesús Pereira López
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Tratase de poner en marcha as aulas de coordinación durante o curso 2015/16 pero detéctanse varios problemas. Por un lado, compróbase que hai profesorado que está incluído na aula de coordinación dun curso no que non imparte clase. Tamén hai departamentos que fan modificacións continuas de POD derivadas dos procesos de selección de persoal. Ademais, algún dos coordinadores non sabe puido poñer en marcha a aula de coordinación. Todo isto ponse en coñecemento do CETA.</p>
Data Comprobación	12/04/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 2
Descrición Comprobación	<p>Tras varias conversas co CETA non se consegue solventar os problemas de asignación de profesores ás aulas e decídese que se traslade esta acción para comezos do curso 2016/17 para o se levan a cabo diferentes acción. En primerio lugar, apróbase o protocolo de coordinación no que se inclúe como unha das tarefas dos coordinadores de curso a xestión da aula de coordinación. Asemade, fanse reunión de coordinación dos cursos, nas que se indica que esta acción se traslada para o vindeiro curso. Por último, solicítase formación específica ao CETA sobre aulas de coordinación e xestión de calendarios co obxecto de que os nosos coordinadores poidan exercer as súas función correctamente. (Arquivo: Convocatoria reunión y Actas Coordinación.pdf)</p>
Data	31/08/2016

Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 3
Descrición Comprobación	Petición de formación ao CETA para xestionar ás aulas de coordinación. Este curso realizouse o 3 de Novembro, e estaba dirixido fundamentalmente aos coordinadores de curso, ao coordinador de grao e aos membros da comisión de título. (Arquivo: Solicitud curso PFID.pdf)
Data Comprobación	21/09/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 4
Descrición Comprobación	O día 14/10 celébrase unha reunión de coordinación na que se aproba aplicar o protocolo de coordinación para o que é preciso que os coordinadores deben realizar as pertinentes reunión de coordinación co profesorado de cada curso. (Arquivo: acta comisión coordinacion141016.pdf)
Data Comprobación	14/10/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 5
Descrición	Con data 24 de Outubro enviase aos coordinadores de curso, co

Comprobación	obxectivo de mellorar a coordinación entre materias, unhas táboas, aprobadas na reunión do 14 de outubro, para facilitar a recollida de información das diferentes actividades que se desenvolven nas materias do grao. (Arquivo: Coordinación cursos_Tablas.pdf)
Data Comprobación	24/10/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 6
Descrición Comprobación	Tras a realización do curso de formación impartido polo CETA, os diferentes coordinadores de curso poñen en marcha as aulas de coordinación.
Data Comprobación	22/11/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	É preciso seguir mellorando o equipamento da facultade
Definición/ descrición proposta	Adquirir novos equipos para mellora da comunicación e dos procesos de ensino-aprendizaxe

Datas	Finalización: 31/08/2016; Inicio: 02/11/2015
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 31/08/2016
Responsables	Begoña Barreiro Fernández
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Adquisición de varias tablets para o seu uso por parte do alumnado nas clases de docencia interactiva
Data prevista de finalización	31/08/2016
Responsable	Begoña Barreiro Fernández
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-5.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Adquiríronse 6 tablets para o uso do alumnado. Están a súa disposición na conserxería da Facultade. (Arquivo: Factura Micromedia tablets e tv hall.pdf)
Data Comprobación	11/01/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-5.2
Descrición tarefa	Adquirir unha pantalla plana para empregar como elemento de comunicación e publicidade na entrada do centro
Data prevista de finalización	31/08/2016
Responsable	Begoña Barreiro Fernández
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-5.2. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	Adquisición dunha pantalla de televisión para colocar no vestíbulo do centro e utilizada como instrumento de comunicación e publicidade (Arquivo: Factura Micromedia tablets e tv hall.pdf)
Data Comprobación	11/01/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-6 (Curso 2015-2016)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Necesidade de obter información dos estudantes
Definición/ descrición proposta	Obter información dos estudantes de cada curso do Grao sobre a satisfacción coa implantación do grao
Datas	Finalización: 26/07/2016; Inicio: 01/12/2015
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 22/07/2016
Responsables	Xesús Pereira López
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Reunións periódicas dos coordinadores de curso cos alumnos
Data prevista de finalización	26/07/2016
Responsable	Xesús Pereira López
Estado	Executada

Comprobación Tarefa	AM-6.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Realizáronse reunión de carácter informal, tendo en conta o número de alumnos matriculados, co alumnado dos dous curso do Grao implantados neste curso. En xeral, o alumnado transmitíronlles aos coordinadores de curso o seu grao de satisfacción co desenvolvemento do curso.
Data Comprobación	22/07/2016
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

GRAO EN XESTIÓN DE PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS
Curso Académico: 2015-2016

ANÁLISE DE CRITERIOS

Aprobado por:

- Comisión de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (26/01/2017)
- Xunta de Facultade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (26/01/2017)

Índice:

DIMENSIÓN 1: XESTION DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO 2

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA 4

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE..... 5

DIMENSIÓN 2: RECURSOS

CRITERIO 4: RECURSOS HUMANOS..... 7

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 9

DIMENSIÓN 3: RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE 11

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO 13

DIMENSIÓN 1: XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

1.1.- Perfil de ingreso e criterios de admisión

En primeiro lugar analizaremos a evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico. Pese a que o número de prazas ofertadas non experimentou variacións entre o curso 2015/16 e o seu predecesor (45 prazas), a matrícula de novo ingreso experimentou neste curso unha caída dende os 16 alumnos/as aos 5 alumnos/as do curso actual. Para a matrícula de inicio de estudos obtense os mesmos resultados. Esta caída na matrícula de inicio de estudos é do 68,75%. Porén, o Grao mellora a nota media de acceso por preinscrición, pasando dunha media de 6,33 no curso anterior ao 8,26 no curso 2015-16. De forma semellante, a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a seis, sube no curso 2015-16 ao 75% (fronte o 53,33% do curso anterior).

Se analizamos os 5 estudantes que ingresan no curso actual observamos que 4 deles proceden da cota xeral e 1 da cota de titulados universitarios. Dos 4 estudantes da cota xeral, 2 acceden dende Bacharelato e outros 2 dende FPs. Actualmente non existen estudantes estranxeiros matriculados no Grao (taxa do 0%). Sen embargo en canto a porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre os matriculados o indicador experimenta no curso analizado unha clara mellora ao situarse nun 10,53% (6,25% no curso anterior). Se nos centramos na procedencia xeográfica dos estudantes de novo ingreso, 4 proceden de Galicia e 1 de outra Comunidade Autónoma.

En canto á relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas, o cociente no curso actual experimenta un empeoramento respecto ao ano anterior (11,11% curso analizado fronte ao 35,56% curso 2014/15). Os mesmos valores e tendencia experimenta a porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas.

Non se tratan datos de mobilidade xa que dado a novidade do Grao na actualidade non se dispoñen de datos para a súa análise. Por só ter implantados ata o de agora os dous primeiros curso da titulación non saíron alumnos con programas de mobilidade e tampouco se recibiron alumnos.

En canto aos criterios de acceso e admisión para o Grado en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas, estes son os xerais para as titulacións de grao. Non se contemplan condicións nin probas de acceso especiais. Agora ben, na Memoria especificase que sería desexable que no futuro o estudante do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas posuísese determinadas características persoais e académicas.

Unha análise máis pormenorizada do perfil de ingreso e criterios de admisión do alumnado do grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas está na evidencia **E3. Análise do perfil real de ingreso/egreso**.

1.2.- O plan de estudos desenvólvese seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria.

Sobre o desenvolvemento do plan de estudos, podemos dicir que o plan de estudos se desenvolve seguindo a oferta prevista na memoria verificada do título. Todas as materias previstas na memoria estanse ofertando, non se produciron variacións a este respecto durante estes dous primeiros cursos de implantación do título.

Os programas/guías docentes das distintas materias ofertadas apróbanse en primeira instancia nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade. Cada materia avalía a adquisición das competencias establecidas na memoria verificada do título, namentres que a avaliación das competencias asociadas ao título levarase a cabo mediante a valoración do traballo fin de grao presentado por cada alumno/a. O enlace a todos os programas das materias ofertadas recóllense na evidencia **“E4. Guías docentes das materias”**.

1.3.- Mecanismos de coordinación docente.

O Grao en Xestión de Pequenas e Medianas conta coas estruturas de coordinación verticais e horizontais nos diferentes niveis para garantir que a docencia se desenvolve segundo o previsto na memoria verificada do título. Neste senso o grao conta con coordinador de título, coordinadores de curso, alumnos-titores, e distintas Comisións que velan polo bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. A continuación comentaremos os aspectos máis salientables.

O Grao en Xestión de Pequenas e Medianas conta cun coordinador de título e coordinadores de curso para cada un dos cursos implantado. As funcións de coordinación recóllense no protocolo de coordinación aprobado na AM-1 (Elaboración do protocolo de coordinación. Deseño de táboas para sistematizar a información a facilitar a análise de metodoloxías e sistemas de avaliación) e inclúen as seguintes actividades:

- Favorecer a coordinación entre as diferentes materias.
- Recoller suxestións en relación á titulación.
- Recadar as demandas de formación do profesorado nos aspectos relacionados coa correcta implantación do título.
- Participar na elaboración do Informe de Seguimento.
- Colaborar coa dirección do centro no desenvolvemento das actividades derivadas do Plan de Acción Titorial.
- Promover o bo funcionamento do Plan de Estudos.
- Xestionar a aula de coordinación do curso (de habela).
- Informar á Comisión de Calidade do Centro de todas as cuestións que deben valorar e que afecten ao seguimento dos estudos do Grao. Presentar propostas de mellora.

Tal e como se recolle nas evidencias da acción de mellora –aprobouse o protocolo¹– informouse ao profesorado da súa posta en marcha e deseñáronse unhas táboas de coordinación para que todo o profesorado de cada curso soubese como se distribúe a carga de traballo do alumnado ao longo do semestre. En aplicación do protocolo de coordinación, elaboráronse informes de coordinación de curso 2015-2016. Asemade, puxéronse en marcha as aulas virtuais de coordinación de cada curso do grao no primeiro cuadrimestre do curso 2016/17. Nun primeiro momento considerouse necesario formar ao profesorado no uso do Moodle como ferramenta útil de cara a poñer en marcha as aulas de coordinación. Para iso ofertouse un curso de formación dentro do PFID ao que asistiron maioritariamente os coordinadores de curso (novembro 2016). Tras a celebración do curso puxéronse en marcha as aulas de coordinación cun dobre obxectivo, servir de vía de comunicación e información co alumnado e coordinar a labor do profesorado. Asemade, solicitouse a aula de coordinación de coordinadores para tratar de reducir as reunións presenciais de coordinación. Esperamos mellorar con isto notablemente a coordinación tanto horizontal como vertical. De feito, os resultados de satisfacción coa coordinación son adecuados xa no curso 2015/16. No Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida a pregunta “Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia” é valorada con 3,98 puntos. Mentres que no Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida experimentouse unha clara mellora no pregunta “A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada” (3,64 puntos no curso actual fronte a 3,30 no curso anterior), e “A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva” tamén subiu ata alcanzar un valor no curso 2015/16 de 4,25 puntos.

A figura dos alumnos–titores que serven ás veces de delegados do alumnado fronte aos coordinadores e ao equipo decanal, axudando a coñecer a opinión do alumnado sobre o curso, materias, incidencias, etc.

¹ Dito protocolo aprobouse nas Comisións dos Graos de Administración e Dirección de Empresas, e de Xestión de Pequenas e Medianas Empresas o día 19/05/2016, e está feito público no enlace http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/empresas/descargas/calidade/Protocolo_de_coordinacixn_dos_Graos_da_Facultade.pdf.

Finalmente, o título conta con diversas comisións que velan polo bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, moitas delas compartidas co Grao en Administración e Dirección de Empresas que tamén se imparte na Facultade: Comisións delegadas da Xunta de Facultade (Comisión de Docencia e Calidade, Comisión de Relacións Exteriores, Comisión de Asuntos Económicos, Comisión de Biblioteca, Comisión de Cultura e Deporte, Comisión de Normalización Lingüística), Comisión de Calidade, e unha comisión propia que é a Comisión do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas. En cada unha delas establécese un calendario de reunións cunha orde do día fixada previamente na convocatoria e sobre a que se debate e toman acordos que se reflicten nas diferentes actas da comisión correspondente (“**E5. Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade**”). As Comisión de Calidade, e Comisión do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas identifican debilidades, propoñen solucións, implementan innovación e contribúen ao bo desenvolvemento e continuidade do título en cada curso.

Conclusión

O número de alumnos matriculados é inferior ó previsto polo que debemos continuar facendo esforzos de comunicación transmitindo o carácter diferenciador desta titulación fronte a outras posibilidades. A procedencia do alumno é fundamentalmente da comunidade galega, tanto con estudos de bacharelato e formación profesional e con unha nota media de entrada que experimentou un incremento neste curso respecto ao anterior.

O programa docente desenvólvese segundo o previsto na memoria do título, e para elo existen mecanismos de revisión e coordinación a través do coordinador de curso e de título.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

O procedemento de información pública implantado dentro do SGIC (PC-12) fixa como obxectivo establecer o sistema para facer pública a información relevante das titulacións impartidas no centro, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización co fin de manter informados aos seus grupos de interese. Alcanza á totalidade de información publicada sobre cada unha das titulacións oficiais impartida no centro.

Asemade, trátase de garantir a transparencia, facilitar información aos grupos de interese nos procesos de toma de decisións, en particular aos estudantes e profesorado implicados no proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, cumprese a función de render contas á sociedade sobre a evolución pasada, actual e previsible do título.

Na web do centro publícase información actualizada e axeitada sobre o desenvolvemento do título e o seu plan de estudos (programas, horarios, calendarios de exames, prácticas, mobilidade, etc.), sendo accesible a todos os grupos de interese, internos e externos. Os cambios sobrevidos, xunto con calquera outra información de interese, resáltanse na web do centro no apartado de “Novidades”.

Froito das reflexións do seguimento dos distintos títulos impartidos na facultade realizadas nos cursos pasados, leváronse a cabo pequenos cambios que entendemos que contribuíron a mellorar o aspecto obxecto de avaliación:

- Mellora na organización e accesibilidade da información de interese específico para o alumnado: desde o curso 2012-13 o alumno ten accesible toda a información relevante a través do enlace á titulación que cursa, o que lle facilita enormemente o acceso á información académica relevante como alumno).
- Outra das melloras postas en marcha foi a elaboración e publicación na Web do centro de diferentes guías para o alumnado.
- Instalación dunha pantalla na entrada principal da Facultade para transmitir as principais novidades ou actividades a desenvolver cada semana.
- Nas sesións de acollida ao alumnado de primeiro infórmase das fontes de información dispoñibles; na web do centro hai dispoñible unha guía para o alumnado;
- Comunicación a través das redes sociais do Campus Terra das principais novidades ou actividades;

- Organización da información recollida na páxina web (<http://www.usc.es/gl/centros/empresas/>) que pode ser de interese para os nosos usuarios, clasificándoos por grupos de interese (futuros estudantes, estudantes, estudantes egresados, estudantes estranxeiros, PAS, PDI, empresas e investigación). O obxectivo é darlle unha maior visibilidade á nosa facultade e mellorar o acceso á información por colectivos. Asemade, creouse o perfil da facultade en [Facebook e Twitter](#), se ben queda moito por andar neste aspecto.

Neste sentido, unha das liñas estratéxicas que rexen o plan estratéxico da Facultade de ADE é a mellora da comunicación, tanto cara dentro como de cara ao exterior. Por iso, solicitamos unha axuda á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación no marco das Axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (convocatoria 2015), co fin de incrementar a visibilidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (ADE) do Campus de Lugo. No marco desta convocatoria a facultade de ADE recibiu dúas axudas enmarcadas nesta liña estratéxica. A primeira para poñer en marcha un elaborado Plan de Medios Sociais (PMS) baseado nun ambicioso estudo previo. A segunda, e como complemento ás actuacións que xa se levan feito anteriormente (páxina web, vídeo promocional, visitas a centros de ensino secundario, etc.), concedéronnos financiamento para elaborar un tríptico dirixido, por un lado, a alumnado de bacharelato e de ciclos superiores de formación profesional e, por outro lado, ás empresas que reciben ao noso alumnado dos últimos cursos en prácticas. O obxectivo é recoller neste folleto informativo, de maneira resumida e atractiva, a información máis relevante relacionada coa Facultade e cos títulos que se imparten.

Conclusión

A pesar de non existir evidencias sobre a efectividade dos instrumentos de comunicación utilizados, consideramos axeitada a información proporcionada aos distintos colectivos implicados no proceso de ensino-aprendizaxe. Entendemos que se publica información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados acadados. A información mantense actualizada e considérase obxectiva.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

O SGC establece distintos mecanismos de recollida de información e análise a través da Comisión de Calidade da Facultade na que se integran os coordinadores dos distintos títulos de Grao e Máster que se imparten no centro. Ademais existe una Comisión de Grao en Pequenas e Medianas Empresas que vela pola coordinación dos distintos profesores en cada curso, na que se integran os coordinadores de curso e o coordinador de grao.

Ao recoller información e analizar os correspondentes resultados séguese o manual de procedementos, actuando os coordinadores de curso, os alumnos titores, o coordinador de grao e as distintas comisións implicadas, de modo especial a comisión de título e a comisión de calidade do centro. Pódese observar este seguimento a través das evidencias das actas de reunións e distintos informes elaborados onde quedan recollidas as distintas debilidades e ameazas atopadas no momento da implantación e seguimento do título, así como as propostas de accións de mellora a levar a cabo.

No curso 2015-16 créase un comité consultivo na Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo. O Comité Consultivo é un órgano vinculado á política e obxectivos de calidade da Facultade (Capítulo IV do SGIC). Está formado por representantes dos grupos de interese externos á Facultade e ten a finalidade de aconsellar ao equipo de dirección sobre actividades profesionais, de negocio ou interese social que afecten ao Centro e faciliten o seu desenvolvemento futuro e a súa proxección social. Reúnese ao menos unha vez ao ano.

En maio de 2016 apróbase un protocolo de Coordinación no que se detallan as funcións de coordinación e o calendario a seguir².

² Disponível no http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/empresas/descargas/calidade/Protocolo_de_coordinacxn_dos_Graos_da

3.2.- A implantación do SGC facilita o deseño, seguimento dos títulos, e a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas ten como obxectivo principal (como se recolle no seu compromiso de calidade) o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento cruce e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os estudantes e que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional adecuadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos.

Trátase de dirixir os esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os grupos de interese implicados. Neste sentido, e de cara a unha maior implicación coa sociedade realízanse esforzos encamiñados a atraer as empresas a aula para que conten as súas experiencias reais e lles trasladen ós alumnos a problemática das empresas actuais, tendo sempre como referencia os principais sectores do tecido empresarial máis próximo.

Os obxectivos están recollidos de modo máis detallado no plan estratéxico elaborado pola comisión de calidade, tendo como referencia as grandes liñas estratéxicas do plan estratéxico da universidade. Esta comisión de calidade asemade vela polo cumprimento destes obxectivos.

Na memoria de calidade do centro recóllense as accións de mellora levadas a cabo e o seu grao de cumprimento, así como as accións de mellora a levar a cabo no próximo curso de acordo aos informes de seguimento. Así na memoria do curso 2014-15 indícase o grao de cumprimento das accións levadas a cabo nese curso e quedan recollidas nunha táboa de accións propostas para o curso 2015-16, tendo en conta as reflexións e análise DAFO realizado.

3.3.- Todos os grupos de interese están implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.

Todos os grupos de interese son implicados no proceso de proposta e implantación das accións de mellora, así como no seu seguimento, como queda recollido nas actas da Comisión de Calidade e na Memoria de Calidade.

A reunión anual co Comité Consultivo permite recoller as propostas de distintos axentes do sector empresarial tanto público como privado.

Os alumnos-titores, xunto cos coordinadores de curso, recollen as propostas e suxestións por parte dos alumnos tanto en aspectos de organización docente como de mellora de equipamentos e medios para a docencia.

As actas das distintas reunións e os informes elaborados polos distintos colectivos evidencian a implantación dun modo axeitado do SGC.

De acordo cos datos dispoñibles, proporcionados pola Área de calidade e mellora dos procedementos da USC, na evidencia E10 faise unha análise e reflexión das enquisas de satisfacción do PDI e o PAS coas actividades formativas desenvolvidas.

En xeral, podemos dicir que o PAS na facultade de ADE está satisfeito e representa un pilar fundamental na xestión do centro, formando parte activa do desenvolvemento do título.

A porcentaxe de profesores con docencia no grao que asistiron a cursos de formación incrementouse sensiblemente en relación ao curso anterior (38,1% fronte ao 21,4% do curso 2014/15), o cal demostra un maior interese por parte do PDI de adquirir novos coñecementos para mellorar a súa actividade docente e investigadora. Salientamos o nivel de satisfacción dos profesores da facultade cos programas de formación nos que participaron.

Conclusión

Consideramos que se está a facer unha boa implantación do recollido no SGIC e debemos continuar no proceso de plena implantación SGIC como o evidencian as memorias de calidade

e as actas das distintas comisións seguindo o manual de procedementos.

Neste contexto xeral, podemos considerar que os resultados das valoracións feitas polos distintos colectivos implicados son satisfactorios.

DIMENSIÓN 2: RECURSOS

CRITERIO 4: RECURSOS HUMANOS

4.1.- Persoal académico.

Os recursos humanos cos que conta Facultade de Administración e Dirección de Empresas para o bo desenvolvemento do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade aos estudantes.

Durante o curso 2015/16 impartiron clase no Grao un total de 21 profesores/as dos que 1 Profesor/a era Axudante Doutor/a, 3 eran Profesor/a Contratado/a Doutor/a, 1 Profesor/a Lector/a, 10 Profesor/a Titular de Escola Universitaria e 6 Profesor/a Titular de Universidade. Destaca a alta porcentaxe de Profesor/a Titular de Escola Universitaria (47,62%). A explicación reside en que a Facultade de ADE xurde como unha transformación da Escola Universitaria de Estudos Empresariais e a Sección Delegada da Facultade de CC.EE.e EE. da USC, o que leva consigo que a porcentaxe de titulares de escola sobre o total de PDI sexa elevado. Existen destes 21 profesores/as, 19 que poden ter experiencia docente ou investigadora recoñecida pola súa categoría. En total entre este profesorado obtense tan só 1 sexenio de investigación, pero contan con 84 quinquenios, o que daría unha taxa de 4,42 quinquenios por profesor/a. A baixa Experiencia Investigadora e alta Experiencia Docente xustificáanse precisamente pola alta porcentaxe de profesorado Titular de Escola Universitaria que non ten a obriga de realizar investigación, pero que conta cunha dilatada carreira docente dada a súa antigüidade.

Un aspecto relevante para conseguir unha plena adaptación ao EEES é a actualización por parte do profesorado nos métodos de ensino-aprendizaxe, polo que é interesante incentivar a presenza do profesorado nestes cursos, sobre todo dada a antigüidade do profesorado da Facultade. No curso 2015/2016 a porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación foi do 38,1%, o que supón un claro aumento respecto o ano anterior (21,4%). Sen embargo este indicador está no curso 2015/16 por debaixo do outro título que se imparte na Facultade (Grao en Administración e Dirección de Empresas, 50,0%). A motivación do profesorado polos curso do Programa de información e innovación docente (PFID) é moi elevado, un 100% do profesorado declarase interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia e un 92,31% interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral. Para tratar de incrementar a participación do profesorado, recordóuselle ao profesorado, en xunta de facultade e a través de correos electrónicos a importancia da formación continua. Tamén se lles fixo traslado de diferentes convocatorias de cursos de formación e se lles recomendou nas reunións de coordinación a asistencia a cursos organizados polo PFID.

En canto aos resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución, a enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida mostra unha valoración global media durante o curso 2015/16 é de 4,14 puntos, o que experimenta unha clara mellora respecto ao dato do curso 2014/15 (3,70). Porén, experimentase unha caída da participación do profesorado na enquisa (52,38% do curso 2015/16 fronte a un 62,50% do curso predecesor). As puntuacións máis elevadas alcánzase nos apartados relativos aos recursos materiais da facultade, desa forma o profesorado estima que o centro conta cos recursos necesarios para a docencia (4,79) e o material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade son axeitados para o desenvolvemento da materia (4,64). A valoración máis baixa obtense no apartado de que o profesorado opina que nivel co que chega o alumnado é suficiente para afrontar os contidos da materia (3,64), aínda que neste apartado destaca o aumento relativo ao ano anterior (2,80). Non se analiza a porcentaxe de profesorado avaliado polo programa Docencia xa que na actualidade non se atopa activado.

Consideramos importante destacar que varios profesores/as da Facultade de Administración e Dirección de Empresas participaron entre o 27 de xuño ao 1 de xullo de 2016 participaron no IV

Campus de Verano Xuvenciencia da USC, dirixido a alumnos de ESO e bacharelato de toda Galicia. Elaboráronse dous talleres relacionados coa publicidade e o desenvolvemento dun novo produto, no que participaron 8 alumnos, e un obradoiro de coa participación de 20 alumnos. Un dos proxectos realizados resultou gañador dun dos premios aos mellores proxectos realizados nesta edición. Ao mesmo tempo, dúas profesoras do centro participaron nas Xornadas de comunicación e información entre os profesores de ensino secundario e universidade organizadas polo Grupo de popularización da Ciencia e Tecnoloxía USC (Xuvenciencia) (<http://www.usc.es/xuvenciencia/xornadas/es/index.htm>).

En canto aos resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución, a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida mostra unha valoración global media durante o curso 2015/16 de 3,97 puntos, o que experimenta un empeoramento respecto ao dato do curso 2014/15 (4,26). Agora ben, destaca o incremento da participación do alumnado (59,36% do curso 2015/16 fronte a un 38,89% do curso predecesor). As puntuacións máis elevadas alcánzase nos apartados “o profesor cumpre co programa e plan de traballo previsto” (4,30), “o profesor resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)” (4,24), “explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente” (4,17) e “ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes” (4,17), mentres que a máis baixa e a opinión de que o “profesor/a favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia” (3,76).

Respecto aos indicadores de mobilidade, ningún profesor/a da titulación participou no curso 2015/2016 en programas de mobilidade xestionado a través do Servizo de Relacións Exterior. Entre as posibles causas, procede citar a relativa novidade da titulación, de feito no curso 2015/2016 só está implantado primeiro e segundo curso polo que o profesorado ascende a 21 persoas como se aprecia no Plan de ordenación docente. Así, no curso anterior, tampouco ningún profesor participou en ditos programas (soamente estaba implantado o primeiro curso). Se analizamos dito indicador respecto a outras titulacións ofertadas na Facultade no curso actual, tampouco participou profesorado en ditos programas, sendo en anos anteriores tamén baixa (por exemplo 2,86% no Grao en Administración e Dirección de Empresas no curso pasado).

4.2.- Persoal de apoio.

O persoal de apoio (PAS) co que conta a Facultade de Administración e Dirección de Empresas para o bo desenvolvemento do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas cumpren cos requisitos necesarios para levar a cabo a xestión adecuada dos centro e do título, contando coa cualificación axeitada para o bo desenvolvemento das súas funcións. A maior parte do PAS conta cunha antigüidade no posto e escala de polo menos sete anos, sendo a escala Administrativa e categoría Administración a máis representada.

A asistencia do PAS a cursos de formación é necesaria para axudar á mellora da xestión do centro no que prestan os seus servizos. O porcentaxe de PAS que realizou algún curso de formación organizado pola Universidade en Lugo foi do 100% no curso 2015/16 (aumento respecto ao ano anterior 83,3%).

Conclusión

Os recursos humanos con que conta a Facultade de Administración e Dirección de Empresas para o bo desenvolvemento do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade aos estudantes e levar a cabo unha xestión adecuada dos centros.

Respecto ao persoal docente destaca a mellora da satisfacción do profesorado coa docencia impartida, o incremento da porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación e a elevada interese do profesorado por recibir formación. Desta forma, semella que as accións do centro encamiñadas a incrementar a participación do profesorado nos cursos do PFID están a dar froitos.

Por outro lado, pese a que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total amosa valores superiores a media da USC debemos ser conscientes de que o Plan de ordenación docente amosa unha baixa porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título e unha baixa porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total. Sen embargo, estes indicadores teñen

unha clara influencia histórica xa que a Facultade de ADE xurde como unha transformación da Escola Universitaria de Estudos Empresariais e a Sección Delegada da Facultade de CC.EE.e EE. da USC, o que leva consigo que a porcentaxe de titulares de escola sobre o total de PDI sexa de elevado.

En relación ao PAS, todo o persoal de apoio realizou algún curso durante o ano académico o que é moi satisfactorio, xa que dito persoal representa un pilar fundamental na xestión da facultade ao formar parte activa do desenvolvemento do título.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben acadar os estudantes.

O Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas impártese na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (ADE), xunto co Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster Universitario en Dirección de Empresas. A Facultade de ADE conta cun edificio moderno, funcional e adaptado ás persoas con discapacidade. Dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior, con acceso a internet, fixo ou por Wifi, dispoñible en toda a Facultade, tal e como se pode observar no espazo web do centro onde figuran todos os recursos materiais cos que conta a Facultade. Ditas infraestruturas englobanse en: Aulas e Seminarios (Aula Magna, 8 Aulas e 4 Seminarios), Aulas de Informática (4), Espazos para o alumnado e Outros espazos (salón de Graos, salas de usos múltiples, sala de lectura, cafetería ,etc.). Na Relación das principais infraestruturas e equipamentos queremos destacar que:

- Todas as aulas (8) e seminarios (4) contan con ordenador, pizarra dixital interactiva e proxector de vídeo, contando tamén algunhas aulas con cámaras de documentos.
- Todas as aulas de Informática (4) están equipadas con pizarra dixital interactiva e proxector de vídeo panorámico. Durante o curso 2015-16 non houbo convocatoria de bolsas de apoio para as aulas de informática polo que se decidiu que a aula de informática 4, que dispón de 10 ordenadores de acceso libre –previa petición– pasou a ser de acceso libre para o alumnado da Facultade.

No que se refire ás infraestruturas informáticas, consideramos que a Facultade está ben dotada neste tipo de infraestruturas, con suficientes ordenadores para levar a cabo as clases interactivas daquelas materias que o requiran. Neste último ano observouse que os ordenadores dalgúns aulas se volveron moito máis lentos polo que se prevé que será necesaria a substitución dalgún destes equipos. Tamén se prevé completar algún dos ordenadores cunha pantalla para o profesor naqueles casos nos que so tiñan unha conexión directa co canón. Tamén se detectou a necesidade de adquirir e cambiar algúns equipos informáticos para o profesorado segundo as súas necesidades e a dispoñibilidade orzamentaria. Neste sentido, queremos destacar que a acción de mellora 5 (AM-5) consistía en adquirir novos equipos para mellora da comunicación e dos procesos de ensino-aprendizaxe, como resultado adquiríronse 6 tablets para o uso do alumnado (AM-5.1), unha pantalla de televisión para colocar no vestíbulo do centro e utilizada como instrumento de comunicación e publicidade (AM-5.2) estando a 31.08.2016 xa executadas ditas accións. Ademais, adquiríronse 5 ordenadores portátiles para uso do alumnado.

Na Facultade existe unha comisión de Asuntos Económicos que toma decisións relativas ás necesidades de infraestruturas do centro. Esta comisión está formada por representantes do equipo decanal, profesorado, PAS e alumnado, nela séguese os procedementos descritos no SGIC do centro.

A Sala de Lectura, que ten capacidade para 204 persoas e dispón de 3 ordenadores de consulta. A raíz da reunión do 16 de xuño de 2016 do Comité Consultivo do Plan Estratéxico da Facultade xorde a idea de fomentar o espírito emprendedor na Facultade, analizouse o interese do programa Yuzz para usar a actual sala de lectura da facultade como espazo de incubación *coworking* e de apoio ó emprendemento, habilitándose para os alumnos unha nova sala de

lecturas³.

En relación a outros servizos, a Biblioteca habitual da Facultade de ADE é a Biblioteca Intercentros do campus de Lugo, próxima á Facultade. A Biblioteca Intercentros ten acceso a todos os fondos bibliográficos que oferta a rede de bibliotecas da USC, non só en papel senón tamén en formato electrónico a través de BUGALICIA. Os servizos que proporciona ao alumnado son⁴: lectura en sala, salas de traballo en grupo, amplos horarios, ordenadores para consulta y traballo persoal, préstamo de portátiles, préstamo a domicilio, formación de usuarios, listas de distribución, obtención de documentos, información bibliográfica, etc.

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de Planos da Facultade onde se pode consultar a localización dos despachos dos profesores, das aulas, dos seminarios, das aulas de informática, do Decanato, etc. e tamén un apartado de servizos de interese para o alumnado. Neste sentido, proporciónaselle aos estudantes distintos servizos de utilidade para o alumnado, coma por exemplo actividades de participación social e voluntariado, cursos (linguas, TIC, etc.), bolsas, etc.

En canto a información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida, na web da facultade amosase ao alumnado a información e normativa de ditos programas. Móstrase información detallada dos seguintes programas: ERASMUS+, Prácticas ERASMUS+, SICUE, Mobilidade por Convenio Bilateral a países extracomunitarios. No apartado de servizos da Facultade móstrase a ligazón aos servizos de orientación da USC (Oficina de Información Universitaria -OiU- que ten por finalidade canalizar e dar resposta ás demandas informativas sobre a súa organización, funcionamento e actividades da Universidades), ao aloxamento no Servizo Universitario de Residencias -SUR-, que conta coa Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay situada a escasos metros da Facultade.

Un aspecto propio da Facultade que queremos resaltar é a figura de alumnos/as tutores/as. A Facultade conta con 4 estudantes que fan labores de acollida tanto aos estudantes estranxeiros como aos estudantes do primeiro curso para favorecer a súa rápida integración no centro e Universidade. As principais actividades que realiza esta figura son a de realizar unha xornada de acollida inicial e o seguimento posterior de dito alumnado.

Na páxina web da facultade tamén existe un apartado destinado á informar ao alumno sobre a realización de prácticas externas. Nesta páxina atópase a información das prácticas externas que son ofertadas directamente pola Facultade de ADE. Estas prácticas son curriculares, é dicir, están integradas no plano de estudos e son recoñecibles por 6 créditos optativos. Opcionalmente, se a entidade e o estudante están de acordo, pódese ampliar á duración das prácticas, pero estas xa serían extracurriculares e non formarían parte do plano de estudos, aínda que si figurarían no expediente e no Suplemento Europeo ao Título (SET). Como se aprecia na web os convenios directos con empresas/entidades para a realización de prácticas na Facultade de ADE para ao alumnado do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas inclúe un gran número de empresas de distintos sectores. Na actualidade no apartado convenios con asociacións, fundacións, etc. para a realización de prácticas nas súas empresas asociadas o alumnado do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas pode facer as prácticas a través da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL). No apartado de Servizos da facultade móstrase tamén a ligazón ao alumnado da Área de Orientación Laboral e Emprego.

Unha vez analizados os recursos materiais e servizos á disposición dos alumnos do centro cabe salientar que a USC elaborou unha enquisa dirixida aos egresados. Con todo, estes datos aínda non están dispoñibles no caso dos alumnos do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas o ser este o segundo ano de implantación.

No Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas elaborado pola USC, pregúntaselle ao profesorado sobre os recursos e servizos de apoio que están a súa disposición. Como se amosa na táboa seguinte os valores alcanzados son elevados e melloran respecto ao ano anterior.

³ Dito acordo aprobouse finalmente na Acta da Xunta Ordinaria de Facultade celebrada o día 28 de Novembro de 2016.

⁴ Véxase o enlace

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/intcentroslugo/binlugo/Guxa_Biblioteca_espaxol-2016.pdf

Pregunta	2014/2015	2015/2016
O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo ...) son adecuados para o desenvolvemento da materia	4,30	4,64
No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios.....) para a docencia	4,40	4,79

Conclusión

Os recursos materiais e servizos con que conta a Facultade de ADE para o bo desenvolvemento do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade aos estudantes en función do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben acadar os estudantes. Os valores de satisfacción do profesorado cos recursos e servizos de apoio para a docencia son valorados positivamente. Non obstante, sempre é necesario tratar de mellorar, na medida das posibilidades orzamentarias do centro, os recursos materiais cos que conta. Deste xeito debese continuar as labores de detectar equipos obsoletos para a súa substitución, tanto ao nivel de estudantes como de profesor.

En canto á realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares, a Facultade conta cun amplo abanico de entidades con convenios onde realizar as prácticas. No eido dos servizos de orientación académica e programas de acollida os servizos proporcionados na actualidade son suficientes. Consideramos neste senso fundamental o papel dos alumnos/as tutores/as cos que conta a Facultade á hora de orientar ao novo alumnado (estranxeiro ou de primeiro curso).

DIMENSIÓN 3: RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE

6.1.- Os estudantes ao rematar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Tendo en conta que o grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas se implantou no curso 2014/15, só se puideron analizar os indicadores relacionados coa taxa de éxito para os dous primeiros cursos da titulación. As taxas de rendemento e de avaliación analízanse no apartado 7. Porén debemos ser conscientes de que en primeiro curso dado o reducido número de alumnado matriculado as taxas poden reflectir valores estatisticamente non moi significativos.

A taxa de éxito (número total de créditos ordinarios superados/número total de créditos ordinarios presentados) foi do 83,72%, superior a do curso anterior (80,87%) pero un pouco por debaixo da media da USC (86,20%). A continuación expónse a taxa de éxito por materias e cursos.

No primeiro curso hai catro materias que teñen unha taxa de éxito do 100%: Inglés para a comunicación comercial I, Microeconomía, Matemáticas financeiras e Introducción ao dereito. As taxas máis baixas de éxito téñenas: Introducción á economía da empresa (50%) e Fundamentos de marketing e Estatística empresarial (66,67%).




Figura. Taxa de éxito por materia (1º curso 2015/16)

No segundo curso, hai unha materia que ten unha taxa de éxito do 100%: Estrutura Económica. As taxas máis baixas de éxito as teñen: Contabilidade para a PEME (62,50%) e Xestión financeira da PEME (71,43%).




Figura. Taxa de éxito por materia (2º curso 2015/16)

Se realizamos unha análise comparativa das taxas de éxito para o primeiro curso, por materia para os dos anos dispoñibles obtemos os seguintes datos.

No caso das taxas de éxito móstrase un empeoramento en materias como Fundamentos de marketing ou Introducción á economía da empresa, pola conta Introducción á contabilidade mostra unha mellora notable. A materia Introducción á economía da empresa, cunha taxa de éxito do 50%, é a materia da titulación actualmente cunha taxa de éxito máis baixa.




Figura. Taxa de éxito por materia (1º curso 2015/16 fronte curso anterior)

Conclusión

Consideramos que é necesario unha leve mellora na taxa de éxito obtida, aínda que a media está próxima a da Universidade e aumentou respecto do curso pasado. Unha especial atención debe ser posta no primeiro curso onde semella os problemas son máis graves. Agora ben, o reducido número de estudantes matriculados nas materias levan a interpretar as taxas de éxito con cautela.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

En primeiro lugar, destacar novamente que dada a novidade do título (comezouse a impartir no curso 2014/15, non dispoñemos de datos para a análise da taxa de graduación, duración media dos estudos, eficiencia dos titulados, nin das taxa de abandono durante o primeiro curso ou a taxa de abandono RD 1393).

No relativo aos indicadores de resultados, resaltaremos as taxas de forma global e por materia. A continuación comentaremos a taxa de rendemento, taxa de éxito e a taxa de avaliación do título.

A taxa de rendemento é a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. A taxa de rendemento global é do 61,71%, cifra baixa respecto á media da USC (76,79%) e que ademais maniféstase un empeoramento en relación ao ano anterior (72,09%). A continuación exponse a taxa de rendemento por materias e cursos.

No primeiro curso hai tres materias que posúen unha taxa de rendemento superior á do Grao: Introducción ao dereito (80%), Inglés para a comunicación comercial I (66,67%), Introducción á contabilidade (66,67%). O resto das materias teñen unha taxa inferior, sendo as máis baixas Introducción á economía da empresa (40%) e Estatística empresarial (40%).




Figura. Taxa de rendemento por materia (1º curso 2015/16)

No segundo curso hai tres materias que teñen unha taxa de rendemento inferior á do Grao: Xestión financeira da PEME (45,45%), Contabilidade para a PEME (50%) e Inglés para a comunicación comercial I (51,54%). A taxa de rendementos máis elevada é para Matemáticas empresariais II e Administración de PEMES (ambas con 81,82%). As taxas de rendemento son superiores en media para o segundo curso que para o primeiro. Semella deste xeito que a taxa de rendemento do Grao é sensiblemente reducida dado que no primeiro curso alcanza valores moi baixos.




Figura. Taxa de rendemento por materia (2º curso 2015/16)

A taxa de éxito (número total de créditos ordinarios superados/número total de créditos ordinarios presentados) foi do 83,72%, superior a do curso anterior (80,87%) pero un pouco por debaixo da media da USC (86,20%). A continuación expónse a taxa de éxito por materias e cursos.

No primeiro curso hai catro materias que teñen unha taxa de éxito do 100%: Inglés para a

comunicación comercial I, Microeconomía, Matemáticas financeiras e Introducción ao dereito. As taxas máis baixas de éxito as teñen: Introducción á economía da empresa (50%) e Fundamentos de marketing e Estatística empresarial (66,67%).




Figura. Taxa de éxito por materia (1º curso2015/16)

No segundo curso, hai unha materias que ten unha taxa de éxito do 100%: Estrutura Económica. As taxas máis baixas de éxito correspondenlles a Contabilidade para a PEME (62,50%) e Xestión financeira da PEME (71,43%).




Figura. Taxa de éxito por materia (2º curso2015/16)

Finalmente, analizaremos a taxa de avaliación (número de créditos ordinarios presentados entre los créditos ordinarios matriculados). A taxa de avaliación global do Grao é do 73,71%, inferior a media da USC (89,08%). Dita taxa experimentou unha caída respecto o curso 2014/15 (89,15%). No primeiro curso as taxas máis baixas son as de Matemática financeira (42,86%) e Microeconomía (50%), pola contra as máis altas corresponden con Introducción á economía da empresa e Introducción ao dereito (80,00%).




Figura. Taxa de avaliación por materia (1º curso 2015/16)

No segundo curso as taxas máis baixas son as de Xestión financeira da PEME (63,64%) e Inglés para a comunicación comercial II (69,23%), pola contra as máis altas corresponden con Matemáticas empresariais II, Administración de PEMES e Estatística empresarial II (90,91%).




Figura. Taxa de avaliación por materia (2º curso 2015/16)

Se realizamos unha análise comparativa das taxas de rendemento, éxito e avaliación para o primeiro curso, por materia para os dos anos dispoñibles obtemos os seguintes datos.

No caso das taxas de rendemento móstrase empeoramento para tódalas materias excepto a mellora experimentada por Introducción a Contabilidade.




Figura. Taxa de rendemento por materia (1º curso 2015/16 fronte curso anterior)

No caso das taxas de éxito móstrase un empeoramento en materias como Fundamentos de marketing ou Introducción á economía da empresa, pola contra Introducción á contabilidade volve a mostrar unha mellora notable.




Figura. Taxa de éxito por materia (1º curso 2015/16 fronte curso anterior)

En canto a taxa de avaliación que experimentou unha caída no Grao, se nos centramos en primeiro curso vemos que dito patrón foi común a tódalas materias.




Figura. Taxa de avaliación por materia (1º curso 2015/16 fronte curso anterior)

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

En canto os resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos do título, como se amosa na táboa inferior dada a novidade do Grao non dispoñemos de indicadores de satisfacción relativos á mobilidade, prácticas e egresados. Por ser o segundo ano da titulación non participou ningún estudante en programas de mobilidade, e tampouco se recibiu ningún estudante doutras universidades. O mesmo ocorre co programa de prácticas, non temos indicadores de satisfacción porque non participou ningún alumno, este programa está deseñado para levarse a cabo nos últimos cursos da titulación. Desta forma nos centraremos en analizar a satisfacción do alumnado coa docencia recibida que experimenta no curso 2015-16 un empeoramento respecto ao ano anterior ata niveles de 3,97 puntos, se ben a taxa de resposta na enquisa experimenta un claro aumento (do 38,89% ao 59,26%). No relativo ao profesorado experimentase un aumento notable na satisfacción (4,14 puntos).

Código	Nome	2014-15	2015-16
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	4,26	3,97
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,70	4,14
IN48-PM-02	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	38,89	59,26

Dentro da satisfacción coa docencia recibida polo alumnado, as puntuacións máis elevadas alcánzase nos apartados “o profesor resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)” (4,24), “explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente” (4,17) e “ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes” (4,17), mentres que a máis baixa e “a opinión de que o profesor/a favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia” (3,76).

En canto aos resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, as puntuacións máis elevadas alcánzase nos apartados relativos aos recursos materiais da facultade, desa forma o profesorado estima que o centro conta cos recursos necesarios para a docencia (4,79) e o material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade son axeitados para o desenvolvemento da materia (4,64). A valoración máis baixa obtense no apartado de que o profesorado opina que nivel co que chega o alumnado é suficiente para afrontarse aos contidos da materia (3,64), sen embargo neste apartado destaca o aumento relativo ao ano anterior (2,80).

Dende a Facultade consideramos importante seguir a traballar nun maior uso das novas

tecnoloxías por parte dos profesores (o 100% dos profesores que participaron en actividades formativas están interesados en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia) a mellora das técnicas didácticas e pedagóxicas do profesorado (o 92,31% dos profesores que participaron en actividades formativas están interesados en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral), así como a participación do profesorado nos programas formativos, formulando a posibilidade de deseñar os devanditos programas segundo a demanda do profesorado.

En canto a satisfacción dos PAS, no Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos mostráronse valores máis elevados que a media da USC en 3 dos 4 ítems analizados. No Ítem 1 (As miñas funcións e responsabilidades están claramente definidas), obtense un valor levemente máis baixo (3,20 nunha escala de 5 puntos) que a media de USC (3,35). Ademais empeora respecto do valor do ano anterior. Sen embargo en canto a se o sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado (4,00), se o persoal se sente parte dun equipo de traballo (4,60) e se lle resulta doado expresar as súas opinións no lugar de traballo (4,60) obtemos valores moi elevados e superiores a USC (3,28; 3,41 e 3,91 respectivamente). Sen embargo no eido a mellorar observábase un leve empeoramento no sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado (valor no curso anterior de 4,17).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son axeitados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Non se dispoñen de datos reais sobre inserción dos alumnos graduados xa que polo de agora non saíu ningún alumno ao mercado.

Conclusión

A matrícula de novo ingreso é moi baixa (5 estudantes do curso actual) pese as accións encamiñadas dende o centro (charlas en institutos dentro da Programa Ponte, etc.). O ano anterior tamén foi baixa (16 estudantes respecto a unha oferta de 45 prazas), polo que o alumnado matriculado no Grao é reducido. Estes datos condicionan a interpretación de tódolos indicadores de rendemento seguintes, debido a baixa representatividade dunha media con tan poucas observacións. As taxas de éxito acadan un nivel relativamente satisfactorio, lixeiramente inferior a media da Universidade, aínda que débese procurar establecer accións encamiñadas a mellorar esta taxa. En canto as taxas de rendemento e avaliación do grao temos valores claramente a mellorar. Entendemos que quizais estas taxas inferiores obedecen ao perfil de alumno de entrada. Este aspecto é considerado polo profesorado na súa enquisa de satisfacción coa docencia impartida ao darlle unha valoración só de 3,64 puntos (sobre 5) ao nivel co que chegan os alumnos para afrontarse aos contidos das distintas materias.

O nivel de satisfacción dos colectivos implicados é en xeral alto, destacando a implicación do profesorado e o PAS a hora de mellorar a súa formación. Débese controlar o empeoramento na satisfacción do alumnado.

Dada a novidade do título non temos datos de moitos dos indicadores a analizar (mobilidade e prácticas do alumnado actual ou relativos aos egresados).